

INSTRUCCIÓNs PARA A SOLICITUDE DE TARXETA CIDADÁ

A) TARXETA CIDADÁ CON TARIFA ORDINARIA (VIXENCIA INDEFINIDA):

1.- Documento de identidade en vigor da persoa interesada segundo o caso:

- Persoas de nacionalidade española: DNI
- Persoas extranxeiras comunitarias: Pasaporte ou documento de identidade do seu país.
- Persoas extranxeiras non comunitarias: Tarxeta de residencia ou pasaporte.
- No caso de actuar a través de representante legal: Documento que acredite a representación, e documento de identidade do representate e do representado (ANEXO I).
- No caso de menores de 18 anos Libro de familia., así como documento de identidade do titor legal.

2.- Xustificante de **aboamento da taxa** por expedición de documento administrativo (modelo 101).

B) TARXETA CIDADÁ CON TARIFA REDUCIDA, ademáis da documentación anterior, a especificada no ANEXO II

C) RENOVACIÓN DA TARIFA: XUNTO COA DOCUMENTACIÓN DO ANEXO II DEBERÁ ACOMPAÑAR A TARXETA (Non é preciso neste caso o aboamento de taxa)

ANEXO II	
XUVENIL	
DOCUMENTACIÓN - Libro de familia orixinal no caso de menores de idade. - Informe de vida laboral actualizado, expedido polo INSS, se é maior de 16 anos.	REQUISITOS -Ser menor de 25 anos. -Non estar dada/o de alta na Seguridade Social como persoa asalariada. -Estar empadroadada/o no Concello de Lugo. VIXENCIA: 1 ANO DENDE A EXPEDICIÓN
ALUMNADO UNIVERSITARIO	
DOCUMENTACIÓN <u>Campus Lugo:</u> - Xustificante de matrícula en calquera centro universitario do Campus de Lugo durante o curso escolar para o que se solicita. <u>Uned:</u> - Xustificante de matrícula da UNED. - Informe de vida laboral actualizado, expedido polo INSS. - Última nómina, se está empregada/o	REQUISITOS <u>Campus Lugo:</u> -Estar matriculada/o en calquera centro universitario do Campus de Lugo. <u>Uned:</u> -Estar matriculada/o na UNED. -Non percibir ingresos mensuais superiores a 966 €. -Estar empadroadada/o no Concello de Lugo. VIXENCIA: DURANTE O CURSO ACADÉMICO, ATA O 30 DE SETEMBRO
PERSONA DA TERCEIRA IDADE E PENSIONISTA	
DOCUMENTACIÓN - Certificación expedida polo INSS que acredite a pensión ou pensións que se perciban como persoa xubilada ou pensionista, ou de que non se percibe pensión.	REQUISITOS -Superar a idade de 65 anos ou ser pensionista, calquera que sexa a idade da persoa interesada. -Non percibir pensión ou ben percibir pensión en contía mensual inferior ou igual a 966 € mensuais. -Estar empadroadada/o no Concello de Lugo. VIXENCIA: 1 ANO DENDE A EXPEDICIÓN
PERSONA DESEMPREGADA	
DOCUMENTACIÓN -Informe do Servizo Galego de Colocación acreditativo dos periodos de inscrición como demandante de emprego. -Certificado do Servizo Estatal Público de Emprego (SEPE) de se percibe prestación e da súa contía ou, no seu caso, de que non percibe.	REQUISITOS -Estar dada de alta no Servizo Estatal Público de Emprego (SEPE) como demandante de emprego. -Non percibir prestación por desemprego ou ben percibir prestación en contía mensual inferior ou igual a 966 €. -Estar empadroadada/o no Concello de Lugo. VIXENCIA: 3 MESES DENDE A EXPEDICIÓN
PERSONA DISCAPACITADA	
DOCUMENTACIÓN - Certificación do Centro de valoración de discapacidades. - Certificación, expedida polo INSS, da se percibe pensión e da súa contía ou, no seu caso, de que non percibe. - Informe da vida laboral actualizado, expedido polo INSS, e última nómina, se está empregada/o.	REQUISITOS -Ter unha discapacidade recoñecida polo Centro de valoración de discapacidades. -Non percibir ingresos superiores a 966 € mensuais. -Estar empadroadada/o no Concello de Lugo. VIXENCIA: 1 ANO DENDE A EXPEDICIÓN

AUTORIZACIÓN PARA A XESTIÓN DA TARXETA CIDADÁ

(Por favor risque cun X a casa ou casas que se indican a continuación)

- ☐ CONTRATO
- ☐ TARXETA
- ☐ MODIFICACIÓN DA TARIFA DO TRANSPORTE URBANO

AUTORIZANTE _____ DNI _____

☐ MENOR/ TUTELADO _____

AUTORIZADO _____ DNI _____

Lugo, _____ de _____ de _____

SINATURA DA PERSOA
AUTORIZANTE,

SINATURA DA PERSOA
AUTORIZADA,

Asdo _____

Asdo _____

LEMBRE: XUNTO CON ESTA AUTORIZACIÓN DEBERÁ MOSTRAR OS DNIs ORIXINAIS OU FOTOCOPIA DESTES, TANTO DA PERSOA AUTORIZANTE COMO DA PERSOA AUTORIZADA

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos* e conforme á *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza Maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@lugo.gal
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

FINALIDADE:

Tramitación da solicitude instada pola/o interesada/o

LEXITIMACIÓN:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais*, e atopa o seu fundamento na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en dita materia. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitárase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016*, e en cumprimento da *Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: Consultar na folla anexa a este impreso